

<b>CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</b>	
	<b>C.E.I.P. MESTRE VALVERDE MAYO</b> Avenida de Sanguñeda, 125 (Sanguñeda) 36419 MOS Telf.886 110356 / 110357 Fax:886 110358 638 54 78 36 <a href="mailto:ceip.mestre.valverde@edu.xunta.es">ceip.mestre.valverde@edu.xunta.es</a> - web: <a href="http://ceipmestrevalverdemayo.es">http://ceipmestrevalverdemayo.es</a>

## A TÓDALAS FAMILIAS DO NOSO CENTRO

### INFORMACIÓN XERAL DO CURSO 2021-2022

#### 1. HORARIO ESCOLAR

O horario xeral do centro para o alumnado de Educación Primaria será de 9.15 a 14.15, e en Educación Infantil o horario será de 9.15 a 14.00 horas, de Setembro a Xuño.

#### 2. HORARIO DE DIRECCIÓN-SECRETARÍA:

O horario de secretaría e dirección será de 9.30 a 10.00 e de 13.15 a 14.00 horas. Só se atenderá presencialmente con cita previa. Podedes solicitala a través do teléfono (886 11 03 56 ou 886 11 03 58 ) ou do correo electrónico ([ceip.mestre.valverde@edu.xunta.es](mailto:ceip.mestre.valverde@edu.xunta.es)). Tamén podedes empregar estas vías para calquera dúbida, consulta ou suxestión.

Parar asuntos urxentes relacionados coa COVID 19 fóra do horario lectivo podedes chamar ou enviar un washapp ao 638 54 78 36.

#### 3. SERVIZOS DA ANPA: COMEDOR ESCOLAR E PLAN MADRUGA.

O servizo de Comedor e o Plan madrugada son servizos ofertados pola ANPA do colexio. Podedes atopar toda a información relativa a estes servizos no seguinte blog da ANPA:: <http://anpamestrevalverdemayo.blogspot.com/>

#### 4. AVALIACIÓNS:

Ó longo do curso recibirán información sobre as cualificacións dos seus fillos a través da aplicación ABALAR segundo as datas que se relacionan:

1ª Avaliación: 21 de Decembro.

2ª Avaliación: 8 de Abril.

3ª Avaliación: 22 de Xuño.

#### 5. PERÍODOS VACACIONAIS

- Nadal: desde o día 22 de decembro de 2021 ata o día 7 de xaneiro de 2022, ambos inclusive.
- Entroido: os días 28 de febreiro, 1 e 2 de marzo de 2022.
- Semana Santa: desde o día 11 ata o día 18 de abril de 2022, ambos inclusive

#### 6. DÍAS NON LECTIVOS

11 de Outubro ( Día do Ensino)

12 de Outubro (Festa Nacional)

16 de Maio (Día non lectivo escollido polo centro, pendente de aprobar pola Consellería).

17 de Maio ( Letras Galegas)  
13 de Xuño ( Festa da Rosa de Mos)

## **7. FALTAS DE ASISTENCIA E /OU PUNTUALIDADE.**

As ausencias do alumnado serán rexistradas de xeito similar aos cursos anteriores. A maiores existirá un procedemento específico para rexistrar as ausencias por sintomatoloxía compatible co Covid .Este rexistro será realizado pola encargada a tal fin centro do equipo Covid do centro. Para a comunicación das familias co equipo COVID para informar dunha incidencia ou ausencias poderá empregarse o correo electrónico ou chamando os teléfonos do colexio.

De xeito habitual, cando algún/algunha neno/a por calquera motivo teña que faltar a clase ou chegar tarde, pregámoslle remitan polo mesmo neno un escrito na **axenda escolar** individual. Así mesmo, se un alumno ou alumna precisa abandonar o centro dentro do horario escolar deberá facelo co permiso do/a titor/a e sempre que alguén, debidamente autorizado, veña recollelo/a. Deberán comunicar tal circunstancia con anterioridade e por escrito na citada axenda.

No caso dos nenos de Educación Infantil como non teñen axendas, deberán pedir á titora unha **nota xustificativa** das ausencias ou retrasos ou podedes descargala dende a páxina web do colexio, no apartado de documentos: <http://www.ceipmestrealverdemayo.es/documentos/xustificaci%C3%B3n%20de%20faltas%20de%20asistencia.pdf>

## **8. DÍAS DE VISITA ÓS MESTRES**

Nas reunións de titorías e nas comunicación por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada, deixando constancia da mesma nos pertinentes documentos.

## **9. CANLES DE INFORMACIÓN COAS FAMILIAS**

Tódolos avisos e novidades serán publicados na páxina web do centro.Os avisos e informacións dirixidos as familias serán enviados a través da aplicación:ABALAR.

Ao comezo de curso , durante o mes de Setembro e Outubro, cada titor levará a cabo unha reunión de nivel, que será realizada preferentemente ó aire libre, no patio do colexio. Só poderá acudir un membro da familia por alumno para evitar aglomeracións.

As informacións a outros colectivos faranse a través do teléfono e correo electrónico. Só se atenderá presencialmente cando sexa absolutamente necesario e sempre con cita previa.

## **10. TRANSPORTE.**

O alumnado usuario do transporte escolar deberá utilizar este obrigatoriamente durante todo o curso. Os días en que non vaian facer uso do mesmo, deberán comunicalo na dirección por correo electrónico ou telefónicamente.

## **11. CELEBRACIÓN DE ANIVERSARIOS.**

Este curso, debido a situación actual, o alumnado que estea de aniversario non poderá traer ningún alimento para compartir no colexio cos compañeiros. Os aniversarios anunciarémolos na radio e adicaremos o programa ó alumnado homenaxeado.

## 12. ENTRADAS/ SAÍDAS.

O obxectivo desta proposta é evitar as aglomeracións tanto nas entradas como nas saídas. O funcionamento depende do cumprimento estrito das normas e dos horarios tanto do persoal como das familias. Para evitar un número innecesario de persoas cada alumno ou alumna só debe vir acompañado por un adulto.

É moi importante que nin familias nin profesorado se entreteñan nas entradas ou saídas dando avisos, recados...

Para iso haberá que empregar a axenda, o teléfono, a aula virtual, o correo electrónico...

Como norma xeral:

- ✓ O acceso ao recinto escolar farase a través do portalón grande.
- ✓ Os acompañantes e o alumnado maior de 6 anos deberá acceder con máscara. En E.I a máscara non será obrigatoria pero sí altamente recomendable.
- ✓ Só poden acceder ao recinto escolar os acompañantes do alumnado de EI.
- ✓ Para evitar aglomeracións empregaremos todas as entradas ao colexio.
- ✓ Prégase a máxima puntualidade á entrada ó colexio. As faltas de puntualidade non xustificadas serán anotadas nun rexistro de asistencia.
- ✓ O titor/titora recolle ao seu alumnado na zona de espera habilitada para cada grupo e acompañaos ata a súa aula.
- ✓ Os tutores de EP estarán alí as 9:05 xa que os acompañantes non poden acceder, para vixiar que se manteña a orde e que cada grupo este no seu sitio.
- ✓ Os tutores e titoras de Educación Infantil recollen ao seu alumnado na zona de espera as 9:15 horas e lévanos a súa aula.
- ✓ Cada grupo estable de convivencia deberá esperar ao momento da entrada na zona delimitada para tal fin.
- ✓ Entradas e saídas: a zona que está fronte ao portalón está destinada ao autobús escolar, e polo tanto a zona de acceso debe quedar libre. Podedes esperar ó alumnado na estrada paralela ó colexio.
- ✓ O alumnado de 5º e 6º de E.P poderá abandonar só o colexio ao remate das clases previa autorización dos pais/nais/tutores. No caso de empregar transporte escolar non será preciso esperalo na parada e se ten irmáns menores poderá facerse cargo deles. Podedes solicitar un modelo de autorización na secretaría do colexio.

Para obter máis información sobre aspectos do funcionamento do centro podedes acceder o Plan de adaptación á situación COVID 19 e Plan de continxencia e Programa de acollida publicados na nosa páxina web, no apartado de coronavirus: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmestrealverde/taxonomy/term/14>

Setembro 2021